

ACTA DE ENTREGA A PROL DO CONCELLO DE REDONDELA DA ESTRADA PO-363, NA SÚA TOTALIDADE, XUNTO CO SEU DOMINIO PÚBLICO

COMPARECE

Dunha parte, Yago Borrajo Sánchez, secretario xeral técnico da Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, da Xunta de Galicia, por delegación da conselleira en virtude da Orde de 7 de setembro de 2017 sobre delegación de competencias no secretario xeral técnico e en outros órganos e entidade públicos adscritos a esta consellería (DOG 20/09/2017) en representación desta consellería.

Doutra parte, Digna Rosa Rivas Gómez, na súa condición de alcaldesa do Concello de Redondela, en representación desta entidade.

EXPOÑEN

O 30 de xullo de 2025 a Axencia Galega de Infraestruturas e o Concello de Redondela asinaron un convenio de colaboración para a mellora da seguridade viaria e reordenación da PO-363, entre Redondela e a praia de Cesantes. Este acordo, recollía un cambio de titularidade a prol do Concello de Redondela.

A estrada PO-363 conecta o núcleo urbano de Redondela co núcleo urbano de San Pedro, na parroquia de Cesantes, e finaliza no porto e praia de Cesantes. No seu trazado, presenta un carácter local e urbano e constitúe o acceso ao porto de titularidade autonómica de Cesantes desde o núcleo de Redondela, pero sen funcionalidade dentro da Rede autonómica de estradas de Galicia, polo que cumpre co estipulado no punto 11 do artigo 18 do Regulamento xeral de estradas de Galicia, relativo aos cambios de titularidade de treitos de estradas a favor de administracións de menor ámbito territorial.

Mediante o Decreto 92/2025, do 13 de outubro (DOG núm.206 do 24 de outubro de 2025), a Xunta de Galicia aprobou o cambio de titularidade a favor do Concello de Redondela da estrada PO-363 na súa totalidade, xunto co seu dominio público viario.



De acordo co establecido no artigo 3 do Decreto 92/2025, a entrega dos bens formalizarase no prazo dos tres meses seguintes á publicación do decreto no Diario Oficial de Galicia, mediante a sinatura da correspondente acta de entrega.

En cumprimento do disposto no decreto de aprobación de cambio de titularidade e de conformidade co artigo 18.6 do Decreto 66/2016, do 26 de maio, polo que se aproba o regulamento xeral de estradas de Galicia,

ACORDAN

Formalizar o cambio de titularidade a favor do Concello de Redondela da estrada PO-363, na súa totalidade, xunto co seu dominio público viario existente, adscrito ás estradas de titularidade autonómicas, e xunto coas partes, elementos e obras da PO-363 realizadas sobre terreos de dominio público **doutras administracións** lindantes con este:

Estrada	Denominación	Inicio	Coordenadas UTM (ETRS89 fuso 29)	Final	Coordenadas UTM (ETRS89 fuso 29)	Lonx. (m)	Superf. DPV (m2)
PO-363	Redondela-Praia de Cesantes	0+000	X= 532.145 Y= 4.681.696	1+070 (inicio zona servizo portuaria)	X= 531.668 Y= 4.682.491	985	2.926


E para que así conste, as partes asinan electronicamente este documento.

A conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas P.D (Orde de 7 de setembro de 2017 (DOG 20/09/2017) , o Secretario Xeral, Yago Borrajo Sánchez

A alcaldesa do Concello de Redondela, Digna Rosa Rivas Gómez

ANEXO I . PLANOS





Nº Estrada/Treito transferencia a prol do Concello

1 Estrada PO-363 Redondela - Praia de Cesantes (na súa totalidade)

Lonx.(m)

985

P.K. ou Inicio/Final da transferencia

UTM X

UTM Y

Inicio Pk 0+000 PO-363


532.145

4.681.696

Final Pk 1+070 PO-363 (zona servizo portuaria)

531.668

4.682.491



As copias en papel deste documento teñen condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: R5ByU2sPc18 Verificación: <https://sede.xunta.gal/cve>



As copias en papel deste documento teñen condición de copia e serán verificables a través deste código.
Código: R5ByU2sPc18 Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

